



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

11 MAR. 2024 19:36:58

Entrada **15991**

Pregunta sobre a conservación da Pontella da Ínsua do Maiordomo en Outeiro de Rei

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á rehabilitación e conservación da Pontella da Ínsua do Maiordomo.**

A Pontella da Ínsua do Maiordomo está situada no río Miño ao seu paso pola parroquia de S. Pedro de Taboi no Concello de Outeiro de Rei.

Esta estrutura permite o acceso á Ínsua do Maiordomo -da que recibe o nome- e componse dunha ponte de dous tramos con trabes de carballo que pousan nun tallamar central e táboas encravadas.

A ponte está precedida dunha portada de acceso, unha construción en pedra que enmarca dúas follas de madeira que permitían fechar o paso. Esta porta conta cunha parte cuberta posterior en que proporcionaba abrigo a persoas e animais. O teito da estrutura cóbrese con lousa do país asentada sobre unha armazón realizada con cangos de madeira.

Trátase dunha construción singular e cunha tipoloxía única na comarca da Terra Cha de Lugo, lugar en que agroma o río Miño recollendo as augas que baixan desde as serras que circundan a súa contorna. Aséntase cerca dun antigo porto fluvial, situado no camiño que descende desde Xigán (Taboi) permitindo atravesar o Miño para acceder ás terras de Sisoí en Cospeito. Unha vía utilizada secularmente con anterioridade á construción dunha ponte que na actualidade existe augas abaixo.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

11 MAR. 2024 19:36:58

Entrada **15991**



Posúe grande relevancia tanto polo seu significado dentro da cultura popular como elemento arquitectónico, onde se observan coñecementos e materiais empregados durante séculos no rural da Galiza, como pola súa relación con un modo de vida tradicional baseado na gandería e agricultura e que até hai algúns anos posuía enorme incidencia.

Porén, a pesar da importancia deste elemento patrimonial, a construción presenta un estado de deterioro moi elevado que se viu agravado de forma alarmante nos últimos tempos. De continuar a falta de atención para a súa rehabilitación e conservación a ponte podería desaparecer por completo. Unha perda significativa dentro do noso patrimonio cultural.

Á Confederación Hidrográfica Do Miño-Sil, O.A. correspóndelle, no ámbito da súa Demarcación Hidrográfica, a administración e protección do dominio público hidráulico, así como o proxecto, a construción e explotación das obras realizadas, que pode realizar en solitario con cargo aos seus fondos ou establecer convenios con outras Administracións Públicas como son as Entidades Locais que posúen competencias en materia de conservación de camiños e vías públicas así como o patrimonio histórico-artístico.

É preciso que desde a Confederación inicien os trámites e negociacións precisos para acometer as necesarias obras de restauración e posta en valor da Ponte á Ínsua do Maiordomo no Río Miño e impedir que continúe o seu deterioro.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Ten coñecemento a Confederación Hidrográfica Miño Sil sobre a situación de grave deterioro en que se atopa a chamada Pontella da Ínsua do Maiordomo elemento patrimonial de grande relevancia situado na comarca da Terra Cha no Concello de Outeiro de Rei?
2. Que accións vai iniciar para acometer a rehabilitación e posta en valor desta ponte situada cerca do nacemento do río Miño?



3. Ten recibido ou establecido algunha comunicación ou negociación sobre o estado deste elemento patrimonial situado no dominio hidrográfico da confederación con outras administracións involucradas, nomeadamente co Concello de Outeiro de Rei?
4. Valora a posibilidade de asinar un convenio de colaboración co Concello de Outeiro de Rei para recuperar e pór en valor este elemento arquitectónico tradicional e singular?

Madrid, a 11 de marzo de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la rehabilitación y conservación de la Pontella da Ínsua do Maiordomo**.

A Pontella da Ínsua do Maiordomo está situada en el río Miño a su paso por la parroquia de S. Pedro de Taboi en el Concello de Outeiro de Rei.

Esta estructura permite el acceso a la Ínsua do Maiordomo -de la que recibe el nombre- y se compone de un pequeño puente de dos tramos con vigas de roble, que se posan en un pilar central, y tablas enclavadas.

El puente está precedido de una portada de acceso, una construcción en piedra que enmarca dos hojas de madera que permitían cerrar el paso. Esta puerta cuenta con una parte cubierta posterior en que se proporcionaba abrigo a personas y animales. El techo de la estructura se cubre con pizarra del país asentada sobre un entramado realizado con cangos de madera.

Se trata de una construcción singular y con una tipología única en la comarca de A Terra Cha de Lugo, lugar en que nace el río Miño recogiendo las aguas que bajan desde las sierras que circundan su entorno. Se asienta cerca de un antiguo puerto fluvial, situado en el camino que desciende desde Xigán (Taboi) y que permitía atravesar el Miño para acceder a las tierras de Sisoí en Cospeito. Una vía utilizada secularmente con anterioridad a la construcción de un puente que en la actualidad existe aguas abajo.

Posee gran relevancia, tanto por su significado dentro de la cultura popular, como elemento arquitectónico, donde se observan conocimientos y materiales



empleados durante siglos en el rural de Galiza, como por su relación con un modo de vida tradicional basado en la ganadería y agricultura y que hasta hace algunos años poseía enorme incidencia.

Sin embargo, a pesar de la importancia de este elemento patrimonial, la construcción presenta un estado de deterioro muy elevado, viéndose agravado de forma alarmante en los últimos tiempos. De continuar la falta de atención para su rehabilitación y conservación el puente podría desaparecer por completo. Una pérdida significativa dentro de nuestro patrimonio cultural.

A la Confederación Hidrográfica Del Miño-Sil, O.A. le corresponde, en el ámbito de su Demarcación Hidrográfica, la administración y protección del dominio público hidráulico, así como el proyecto, la construcción y explotación de las obras realizadas, que puede realizar en solitario con cargo a sus fondos o establecer convenios con otras Administraciones Públicas como son las Entidades Locales que poseen competencias en materia de conservación de caminos y vías públicas así como el patrimonio histórico-artístico.

Es preciso que desde la Confederación inicien los trámites y negociaciones precisos para acometer las necesarias obras de restauración y puesta en valor de la Pontella da Ínsua do Maiordomo en el Río Miño e impedir que continúe su deterioro.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Tiene conocimiento la Confederación Hidrográfica Miño Sil sobre la situación de grave deterioro en que se encuentra la llamada Pontella da Ínsua do Maiordomo elemento patrimonial de grande relevancia situado en la comarca de A Terra Cha en el Concello de Outeiro de Rei?
2. ¿Qué acciones va a iniciar para acometer la rehabilitación y puesta en valor de este puente ubicado cerca del nacimiento del río Miño?



3. ¿Ha recibido o establecido alguna comunicación o negociación sobre el estado de este elemento patrimonial situado en el dominio hidrográfico de la confederación con otras Administraciones Públicas involucradas, especialmente con el Concello de Outeiro de Rei?

4. ¿Valora la posibilidad de firmar un convenio de colaboración con el Ayuntamiento de Outeiro de Rei para recuperar y poner en valor este elemento arquitectónico tradicional y singular?

Madrid, a 11 de marzo de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso